

Carlos Callón: «O futuro do galego está nas persoas que non o falan»

Mar Varela / CARBALLO / LA VOZ

O filólogo, gañador do concurso de artigos normalizadores de Carballo, presentou onte en Malpica o seu novo libro

15 mai 2012.

O profesor Carlos Callón Torres (Ribeira, 1978) viaxou onte ata Malpica para presentar un dos seus libros, Como defenderes os teus dereitos lingüísticos, no que propón que os cidadáns revitalicen a lingua galega día a día, a través de «pequenas accións, concretas e realizábeis». Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística e portavoz da plataforma Queremos Galego, regresará mañá a Bergantiños para recoller en Carballo o galardón do oitavo Premio a Artigos Xornalísticos Normalizadores, convocado polo Concello. Será nun acto (a partir das 21.00 horas, no Pazo da Cultura) no que tamén actuará o grupo Sés.

-¿Cales son esas pequenas accións que se poden facer?

-Todos e todas podemos sementar un futuro diferente para o noso idioma e iso podemos conseguilo a través de pequenas accións, porque ás veces os pequenos xestos poden proporcionar grandes transformacións. Non hai nada máis revolucionario e con maior fortuna para avanzar nos dereitos lingüísticos que usar a nosa lingua, a pesar das dificultades sociais que podamos atopar. Basta con escoller o galego alí onde temos opción e alí onde non a temos, pedir que nos deixen usar o noso idioma.

-¿Como é a situación actual?

-Desgrazadamente, cada vez atopamos máis obstáculos e comprobamos que é máis difícil poder vivir no noso propio idioma na nosa propia terra.

-¿Que lugares son eses nos que aínda non se pode usar o galego?

-Hai moitísimos, en case todos ámbitos sociais atopamos dificultades. Por exemplo, hai dous anos distribuíuse un programa informático aos xulgados galegos que impide usar o noso idioma. Antes en cambio, si que podían.

-¿De que trata o artigo co que gañou o premio de Carballo?

-Titúlase Fai teu o galego e plasma a idea de que calquera persoa que queira pode formar parte da comunidade lingüística galega e que mesmo o futuro do galego está nas persoas que aínda non o falan. Propoño unha serie de pequenos consellos sobre como pasar de ser galego calante

a galego falante e como romper o prexuízo de pensar que alguén non é capaz de falar galego. É un convite, que todo o mundo saiba que o galego é de todos e que todos podemos falalo.